



Concello de Ourense

## NOTA DO GOBERNO MUNICIPAL

***En relación as declaracións a diversos medios de comunicación do concelleiro portavoz do BNG e tenente de alcalde do Goberno municipal don Alexandre Sánchez Vidal sobre a apertura das Termas de Outariz sin a correspondente licenzia municipal en base á suposta complexidade e lentitude do proceso administrativo, o Goberno municipal manifesta o seguinte:***

1. O Goberno municipal entende que estas manifestacións se deben a un lapsus ou un erro de interpretación do señor Sánchez Vidal, **e non responden á postura oficial do Goberno municipal que esixe o cumprimento dos procedimentos legais a todas as empresas e cidadans en igualdade de condicións.**
2. O Goberno municipal, responsable e garante do cumprimento da legalidade, advirte que **ningún cidadán ou empresa, sexa quen sexa e actúe no sector de actividade que actúe, pode eludir os trámites administrativos legalmente establecidos para a apertura de establecementos ou desenvolvemento de actividades.**
3. O Goberno municipal entende que xustamente as empresas que, como no caso das Termas de Outariz, actúan en sectores estratéxicos moi importantes para o desenvolvemento da nosa cidade, e en réximen de concesión administrativa tanto do establecemento como do recurso termal que é de titularidade pública, **deben ser especialmente**

**coidadosas no cumprimento dos procedementos legais,** e dende logo **non poden ter, nin teñen, ningún privilexio.**

4. O Goberno municipal reconece a complexidade dos trámites administrativos para otorgar licencia de apertura a determinadas actividades comerciais, pola necesidade de elaborar numerosos informes sectoriais –urbanísticos, sanitarios, bombeiros, ruidos, etc.- todos eles encamiñados a garantir o funcionamento axeitado conforme a lei e asegurar os dereitos dos cidadans. O Goberno municipal entende a necesidade de mellorar os procedementos, sempre sin menoscabo das garantías que debe ofrecer unha actividade pública, pero **rexeita contundentemente que a complexidade dun trámite xustifique o seu incumprimento.**
  
5. O Goberno municipal fai todo o posible por axilizar todos os trámites administrativos, pero non considera que haxa disfuncións singnificativas no Servicio Municipal correspondente. No caso concreto das Termas de Outariz, as datas dos trámites realizados dan conta do funcionamento razoable dos Servicios Municipais responsables:

**-29 de xullo de 2008:** Ibernisha S.L. solicita licencia de apertura para unha actividade de cafetería (unha pequena parte da actividade que se pretende realizar nas instalacións)

**-05 de agosto de 2008:** O Servicio Municipal de Licencias e Apertura require por escrito a Ibernisha S.L. para que no prazo de 10 días presente a documentación necesaria, singularmente o proxecto de actividade redactado por facultativo competente e visado polo Colexio profesional correspondente.

**-22 de agosto de 2008:** Como resposta a este escrito municipal, o respresentante de Ibernisha S.L. envía un escrito ó Concello informando que os asesores da empresa “entienden que la licencia de apertura va implícita en la adjudicación del concurso de obra y explotación”.

**6. O Goberno municipal, fiel ó seu compromiso de cumprir e facer cumprir a legalidade en igualdade para todos os cidadans, seguirá actuando conforme o que determina a lei e, neste caso como en calquera outro, a empresa Ibernisha está obrigada a subsanar os problemas administrativos e cumprir o procedemento para evitar o peche da actividade.**